

## Luz verde á ampliación da nave de SNOP en Porto do Molle. #Nigrán

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 14 Agosto 2015 14:07

---



A fábrica de estampado dedicada á automoción foi a primeira en instalarse en 2011 nunha parcela de 28.913 m<sup>2</sup> cunha superficie construída de 11.000 m<sup>2</sup> aos que agora sumará outros 5.954 cunha inversión de 1.531.363 €

O número de empresas arrendatarias no polígono elévase a 76, das que 65 xa están activas e xerando 517 empregos; outras 11 están en proceso de instalación e xerarán 231 postos

A Xunta de Goberno do Concello de Nigrán aprobou o pasado 12 de agosto a licenza municipal das obras de SNOP Estampación S.A. para ampliar a súa nave industrial instalada en Porto do Molle dende o ano 2011, cando foi a primeira en chegar ao polígono. A firma gala dedicada aos compoñentes metálicos para a automoción ocupa unha parcela de 28,913,18 metros cadrados cunha superficie construída de 11,000 m<sup>2</sup> aos que agora engadirá outros 5,954,04 m<sup>2</sup>. Esta nova obra suporá unha inversión de 1,531,363 euros e significará a creación de máis empregos, xa que a previsión da empresa é chegar aos 160 postos de traballo.

"É unha moi boa nova porque significa que Porto do Molle segue crescendo a un ritmo imparable, hai so unha semana visitabamos as obras da ITV que suporán a creación de vinte empregos máis e a realidade é que este ano se formalizaron a venda de seis parcelas, moito máis que nos anos anteriores", sulíña Juan González, alcalde de Nigrán. As novas vendas supoñen unha superficie de 10.661 m<sup>2</sup> e, ademais, está comprometida outra

## Luz verde á ampliación da nave de SNOP en Porto do Molle. #Nigrán

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 14 Agosto 2015 14:07

---

de 20.000 m2 para Industrias Delta. "Unha diferenza grande cos datos previos, xa que entre 2011 e 2015 adxudicáronse 97.000 m2 en áreas cualificadas como industrial e comercial"sinalan.

En réxime de aluguer, nas 40 naves bioclimáticas actualmente xa desenrolan a súa actividade outras 20 firmas. Así, o número de empresas arrendatarias e propietarias de Porto do Molle é de 76, das cales 65 xa se atopan instaladas e xerando 517 empregos efectivos e outras 11 están en proceso de instalación e se prevé que den traballo a 231 personas máis.

A multinacional Snop naceu en 1960 nun pequeno taller de Francia da man de Michael Pinaire e foi pioneira en Porto do Molle adquirindo a súa parcela no ano 2011 e finalizando ás obras de construción da planta en apenas 11 meses. Ademais de en Nigrán, dentro de España Snop ten presenza en Barcelona e a súa chegada ao municipio se debe ao contrato que ten en vigor con PSA para subministrarlle perfís metálicos en exclusiva para diferentes modelos. Ademais, Snop proporciona material a outras firmas de toda a península, como Mercedes en Vitoria.